REBOREDO IGLESIAS MANUEL	36110379	77024	2	105 €
RIVERA ALEN RAMON	34948160	16840	2+2	210 €
RIVERA COUÑAGO FELIX	36016326	15852	2	105 €
RIVERA LOPEZ DEOLINDA	36013925	15846	2	105 €
RIVERO TRONCOSO M. MERCEDES	35548455	22020	3	150 €
RODRIGUEZ BERTOMEU ANGELICA	52500386	22036	2	105 €
RODRIGUEZ CARPINTERO ELIAS I	36118643	78770	1	80 €
RODRIGUEZ GARRIDO CONCEPCION	36042899	14829	3	150 €
RODRIGUEZ GONZALEZ ADOLFO	36070343	21410	2	105 €
RODRIGUEZ GONZALEZ ALFONSO J	35985618	14634	3+3	300 €
RODRIGUEZ DURAN JESUS	36027862	14054	3	150 €
RODRIGUEZ MARTINEZ MARIA JOSE	36086062	22042	1	80 €
RODRIGUEZ MONTERO ISMAEL	53182855	80576	3	150 €
RODRIGUEZ RODRIGUEZ JOSE	34906804	18201	2+2	210 €
RODRIGUEZ RODRIGUEZ JOSE MIGUEL	76902745	78771	2	105 €
RODRIGUEZ SANCHEZ JOSE	34265698	79105	2	105 €
RODRIGUEZ CEBRAL SILVIA	36097081	23610	1+2	185 €
ROLO SILVA JOSE LUIS	36052071	17147	2+2+3	360 €
ROJO MORON JOSE LUIS	74794602	12457	2	105 €
ROMÁN BREIJO MARTA	36082157	22059	2	105 €
ROMERO BANDEIRA GABRIELA	36035364	15013	2	105 €
ROMERO GIL-DELGADO VICTORIA	36048451	76081	2+2	210 €
SAAVEDRA GONZALEZ NARCISO	76989453	77040	2	105 €
SALGADO GONZALEZ Mª TERESA	36074940	23171	2+2+3	360 €
SANCHEZ SANCHEZ MANUEL	36079491	76472	2	105 €
SANCHEZ FRANCO DIEGO	53177330	79118	2	105 €
SANCHEZ PEREZ GERARDO	36070249	21114	2+2	210 €
SANTIAGO GONZALEZ JUAN JOSE	36103070	23188	2+2	210 €
SIERRA CASTELO JOSE MANUEL	76897972	78130	1+2	185 €
SIMON TUNEZ MIGUEL ANGEL	36096441	77033	1+2	185 €
SOTO LAGO AUREA	35993056	9290	3	150 €
SOTO SOBRADO ANA MARIA	36031696	11475	3	150 €
SILVA GONZALEZ ADOLFO ANDRES	36085663	77031	1	80 €
SORDO GARCIA Mª TERESA	36157956	78134	1	80 €
SUAREZ GARCIA ANTONIO	33218267	12121	3	150 €
TOUCEDO GARRIDO ENRIQUE	76991302	79358	1	80 €
TRONCOSO DOMINGUEZ JOSE M	36087605	77038	1+2	185 €
TRONCOSO PADIN JUAN JOSE	36087187	21568	2+2	210 €
UBEIRA GROSIO PATRICIA	36158679	80579	3	150 €
VAZQUEZ ALONSO ALBERTO	36058408	22378	2	105 €
VAZQUEZ ALVAREZ MIGUEL	36036608	18402	2	105 €
VAZQUEZ ARIAS ROBERTO	76728223	79114	3	150 €
VÁZQUEZ GONZÁLEZ DOMINGO	36027499	14670	2	105 €
VAZQUEZ DOMINGUEZ JUAN DIEGO	36145278	79352	3	150 €
VAZQUEZ MIGUEZ JOSE CARLOS	36090145	80575	1+2	185 €
VEIGA JORGE JOSE JESUS	36085795	21572	2	105 €
VELOSO PEREZ MODESTO	76746914	18359	2	105 €
VICENTE FERREIRA JOSE IGNACIO	34874839	76476	1+2	185 €
VIDAL LORENZO LUCIA	36155437	79122	2	105 €

VIDAL TRIGO ANTONIO	36026112	14261	3	150 €
VIEITEZ ALEN JOSE MANUEL	36084888	23850	1	80 €
VIEITEZ OITABEN Mª JOSE	36084439	21479	2	105 €
VIGO COBAS FERNANDO	34256636	23343	2	105 €
VILA CAMPOS PABLO	36119483	79121	3	150 €
VILABOY FREIRE PILAR	32646445	80329	2	105 €
VILLANUEVA GOMEZ MARIA	35444661	22510	2	105 €
VILLAR FERREIRO MARIA JOSE	36018118	9567	2	105 €
VILLAR MIGUELEZ MANUEL	36085182	77027	1	80 €
VILLAR SALGUEIRO JAIME	36053456	21031	2+2+2	315 €
VILLAR SANCHEZ ENRIQUE	36055326	18307	2	105 €
VIVERO MIJARES JUAN GUILLERMO	36088267	23975	2+2	210 €
			TOTAL	35.420 €

(1) FILLO DENEGADO POR NON FIGURAR NA RENDA

(2) FILLOS PENDENTE DE DOCUMENTACION

(3) CONXUXE DENEGADO

IGLESIAS PEREIRA JOSE LUIS – DENEGADO POR NON FIGURAR NA RENDA

PAZOS CASTRO ALICIA – DENEGADO POR NON FIGURAR NA RENDA

PEREZ FREIRE Mª BELEN – DENEGADO POR ESTAR NO CADRO DE PERSOAL

GRUPO C2				
NOME	DNI	Nº PERSOAL	CLAVE	EUROS
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	36088474	78893	2	150,00 €
ABALDE POSADA JUANA	36042156	15102	2+3	350,00 €
ABALDE POSADA LUZ DIVINA	36073894	21663	2+2	300,00 €
ABREU TORRES FRANCISCO X	36064280	20586	2+3	350,00 €
ACUÑA REYES JUAN L	35315671	76511	2	150,00 €
AGRA ABALDE JOSE A	36018898	76564	2	150,00 €
AGUIRRE RODRÍGUEZ MANUEL	36095036	16509	1+2+2	410,00 €
ALBOR RODRIGUEZ JAVIER	34905627	15036	3	200,00 €
ALEJOS ANTA JUAN MANUEL	76987757	79366	2+2	300,00 €
ALFONSO PAZ JESUS	36093698	23490	2+2	300,00 €
ALONSO ABALDE MANUEL	36029073	14060	2+3	350,00 €
ALONSO ALONSO MIGUEL A	36050580	17242	2+2	300,00 €
ALONSO ALVAREZ AVELINO	34623375	16768	2	150,00 €
ALONSO COVELO VICENTE	36062982	20592	2+2	300,00 €
ALONSO RODRÍGUEZ ALFONSO	36026596	13764	2	150,00 €
ALONSO RODRÍGUEZ ENRIQUE (1)	36085619	79370	1+2	260,00 €
ALONSO VAZQUEZ REMEDIOS	36049299	15160	2+2	300,00 €
ALVAREZ ALONSO MANUEL	36038873	21670	3	200,00 €
ALVAREZ DIAZ JOSE ANTONIO	36047121	20600	2	150,00 €
ALVAREZ PRIETO M CARMEN	36047922	18709	2	150,00 €
ALVAREZ TORRES ROGELIO	36073560	20920	2+2	300,00 €
ALVES DIZ MIGUEL	36054689	17153	3	200,00 €
AMOEDO MOREIRA JOSE LUIS	36073079	22467	1+2	260,00 €
AMOEDO MOREIRA MERCEDES	36073068	78495	3	200,00 €
APARICIO GONZALEZ VICENTE	36132363	78782	3	200,00 €
ARIAS RODRIGUEZ DAMASO	36048490	22786	2	150,00 €
BAHILLO VARELA MONTSERRAT	36069052	21723	2+3	350,00 €

BALEA GARCIA M ANGELES	35297132	21717	2	150,00 €
BARCIELA BASTOS MARIA LUZ	36063882	21516	2+2	300,00 €
BARCIELA SIMON BENITO	36008640	13617	3	200,00 €
BARREIRA PAZOS ANTONIO	36090046	76431	1+2	260,00 €
BASTOS ROMAN JESUS	36052919	17360	2	150,00 €
BEA PUENTES FRANCISCO JAVIER	36119786	79136	1+2	260,00 €
BENAVIDES OTERO BENIGNA	36049037	78249	2+3	350,00 €
BERNARDEZ GALLEGO JOSE A	35945151	13184	2	150,00 €
BILBAO ECHEGARAY BENILDE	36040314	77323	2+2+3	500,00 €
BLANCO BEJEGA M DOLORES	35546768	21752	2	150,00 €
BRAGADO RODRIGUEZ M JESUS	36050954	77253	2+3	350,00 €
BRUZON ALCAÑIZ ROCIO	36058643	18626	3	200,00 €
BUENO HEREDIA MANUEL	46514245	13899	2	150,00 €
CALLES SANTOS PRIMITIVO	7810607	79133	3	200,00 €
CARBALLO MAGARIÑOS JESUS	76819393	80659	3	200,00 €
CARBALLO LEIROS JOSE	36041836	21491	2+2	300,00 €
CARIDE GRANDAL JOSE LUIS	36044507	20994	2	150,00 €
CARRIL COMESAÑA JOSÉ M.	36051541	20830	1+2	260,00 €
CASAS IGLESIAS ALFONSO	36093628	79371	2+2	300,00 €
CHOREN PUGA ALBA	36034151	21812	3	200,00 €
CID GONZALEZ ALBERTO	36039878	77225	2	150,00 €
COBAS REY EUGENIO	36017739	15467	2+3	350,00 €
COLLAZO REGUEIRO JOSÉ R.	36055167	22600	2+3	350,00 €
COLLAZO SAAVEDRA Mª CONCEPCION	36063966	81001	1+2+2	410,00 €
COMESAÑA DAVILA JOSE A	36037654	15272	2+2	300,00 €
COMESAÑA FERNANDEZ LUIS	36126910	79385	1+3	310,00 €
COMESAÑA LAGO CESAR	36015884	14930	2	150,00 €
COMESAÑA SOLLA ANTONIO	36040596	15556	2+2	300,00 €
CONDE LORENO HECTOR	36135094	77691	1	110,00 €
CONDE RODRIGUEZ ALFONSO	36045666	16308	3+3	400,00 €
COSTA RIVAS JOSE	76806739	20617	2+2+2	450,00 €
COSTAS ARAN M CRISTINA	36077086	23432	2+2	300,00 €
COSTAS MARCOS JESUS	76805884	14717	2+3	350,00 €
COSTAS RIVEIRO RAFAEL	36096590	78122	1+3	310,00 €
COSTAS TABOAS JUAN ALBERTO	36063263	20623	2	150,00 €
CRESPO BASTOS XOSÉ MANUEL	36047965	22852	2+2	300,00 €
CURTY VÁZQUEZ ÁNGELES	36063430	21729	2	150,00 €
DAVILA CRESPO MARINA	36049214	22830	2+3	350,00 €
DAVILA PEREZ JUAN	35988970	14491	3	200,00 €
DÍAS DE LA IGLESIA EMILIO	52500052	20988	2	150,00 €
DURAN CABOBIANZO HIGINIO	36048760	15591	2	150,00 €
EGUIA LOUZAN MARCOS	36063709	20882	2	150,00 €
ESCARIZ FUENTES ANDRES	35436355	21841	2	150,00 €
ESTEVEZ ALVAREZ ROBERTO (1)	36075899	20847	2	150,00 €
FARALDO RIVAS MARIA JOSE	36056377	22088	3	200,00 €
FERNANDEZ CABALEIRO JOSE LUIS	35554411	18908	2+2	300,00 €
FERNANDEZ COSTA GERARDO	36134660	78780	2+3	350,00 €
FERNANDEZ FARIÑA YOLANDA	36060524	80498	2+2	300,00 €
FERNANDEZ FERNANDEZ Mª DOLORES	36082249	81002	2+2	300,00 €
FERNANDEZ PEDREIRA ENRIQUE	36042726	11529	2	150,00 €
FERNANDEZ RIVEIRO JAVIER	36109352	77650	1	110,00 €

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ MANUEL	36039060	14953	2	150,00 €
FONTAN PEREZ MERCEDES	36056931	23449	2	150,00 €
FONTAN RIVEIRO ANA ISABEL	36122975	77177	2+2	300,00 €
FONTAN RODRIGUEZ ISABEL	36050213	23700	2+3	350,00 €
FONTENLA GÓMEZ ANTONIO	36126762	79345	3	200,00 €
FRAGUA JAMARDO VICENTE	36036018	15510	2+3	350,00 €
FRANCO GONZALEZ ANGEL	36025437	23834	2	150,00 €
FRANCO GONZALEZ PILAR	36011266	23716	2	150,00 €
FRANCO REZA JOSE ANTONIO	36097780	77172	3	200,00 €
GAGO ALONSO CRISTINA	36060539	18595	2+2	300,00 €
GALEGO SANCHEZ M CARMEN	36028152	9515	3+3	400,00 €
GARCÍA ALFONSO JUÁN JESÚS	36010901	13652	3	200,00 €
GARCIA GONZALEZ PERFECTO	36061876	20630	2+2	300,00 €
GARCIA GUINTIÑAS MONICA	36078735	79839	2	150,00 €
GARCÍA PONTES IGNACIO	35319274	76518	2	150,00 €
GIL BARROS ALFREDO	36005455	13592	2	150,00 €
GIL IGLESIAS MARÍA JOSÉ	36060340	21893	2+2	300,00 €
GOMEZ ARGUELLO M GUADALUPE	36040756	23455	2	150,00 €
GÓMEZ MOURE JUÁN CARLOS	36096465	20942	1+2	260,00 €
GONZALEZ CAMPELOS MANUEL	35997315	23656	2	150,00 €
GONZALEZ NUÑEZ FERNANDO	52456781	23662	2	150,00 €
GONZALEZ PEREIRA CARLOS	36019652	15705	2+3	350,00 €
GONZALEZ PEREIRA PABLO (2)	36075833	21002	2	150,00 €
GONZALEZ RICOY Mª JOSE	36069447	23739	3	200,00 €
GONZALEZ SEOAJE MANUEL	36043027	16290	2	150,00 €
GROSSI MARTINEZ FERNANDO	36056565	20876	2+2	300,00 €
GUISANDE CARRERA BENJAMIN	35991840	13190	2	150,00 €
HEREDIA PELEGRIN JOSE A	22939129	22817	3+3	400,00 €
HERVADA VENTIN ANDRES	36016681	16225	2+2	300,00 €
IGLESIAS COMESAÑA GUILLERMO	36042069	15562	3	200,00 €
IGLESIAS GONZALEZ DANIEL	36059979	16490	2+2+3	500,00 €
IGLESIAS IGLESIAS MANUEL	34920740	16805	3	200,00 €
IGLESIAS LAMEIRO ANGEL	36073555	20646	2+3	350,00 €
IGLESIAS LOPEZ MARIA ISABEL	35454450	80647	2+2+2	450,00 €
IGLESIAS VAZQUEZ MARIA CARMEN	36034114	77271	2	150,00 €
IGREXAS MARTÍNEZ CARLOS	36036909	15533	2	150,00 €
JARDON LOSADA SATURNINO	34935716	17561	1	110,00 €
JORGE GARCIA M MARGARITA	36112727	21634	2+3	350,00 €
LAGO GIRALDEZ LUCIANO	36021680	16432	3	200,00 €
LÓPEZ LANDESA FÉLIX	36033830	14090	2	150,00 €
LOPEZ RIOCABO JESUS	36059157	20853	2+2	300,00 €
LOPEZ RIVERA JUAN RAMON	36042561	76566	2	150,00 €
MARIÑO SANROMAN ROBERTO	36037116	17348	1	110,00 €
MARQUEZ LOSADA MANUEL	52500559	23509	2	150,00 €
MARTINEZ POSADA JOAQUIN	36046456	14982	3+3	400,00 €
MENDEZ LEMA NURIA	36116566	21976	1+1	220,00 €
MOLARES BARGIELA OSCAR	36143265	79184	2+2	300,00 €
MONTES CASAL Mª ISABEL	36006164	21982	3	200,00 €
MOSQUERA CARBALLO ODILO	34980777	79160	2+2	300,00 €
MURADAS BLANCO BEATRIZ	36094001	21999	2+2	300,00 €
NOGUEIRA CASAS JOSE	78733309	76517	2	150,00 €
NOVOA SEIJO MANUEL J	34923279	16811	2	150,00 €
OSORIO CALLES ANA Mª	35306090	80571	2+2	300,00 €

OTERO IGLESIAS SANTIAGO	36075272	21373	2+2	300,00 €
OTERO MARTINEZ MANUEL	36044001	17087	2+3	350,00 €
PALMAS CALVAR M LUZ	36042655	14893	3	200,00 €
PECO LORENZO FLORENTINO	76891307	79135	2	150,00 €
PEREIRA ALONSO JOSE C	36029677	13793	2+3	350,00 €
PELETEIRO LOGROÑO J. JAVIER	35301682	20793	2+2	300,00 €
PEREIRO ANTONIO MILAGROS	34870313	77329	2	150,00 €
PEREZ FERNANDEZ JOSE ALFONSO	36039413	17354	3	200,00 €
PEREZ GIL FRANCISCO JAVIER	36095799	23567	1	110,00 €
PÉREZ LÓPEZ JOSÉ LUÍS	36008149	76565	3	200,00 €
PÉREZ MEDRANO Mª ESTHER	34927407	14999	2+3	350,00 €
PEREZ RODRIGUEZ CARLOS	36066924	22964	2+3	350,00 €
PEREZ RODRIGUEZ JOSE FRANCIS- CO	36066520	76567	1	110,00 €
PIÑEIRO HERMIDA DAVID	35299832	80474	2+3	350,00 €
PIO LOPEZ MERCEDES	36009026	17727	3+3	400,00 €
PUNTES RODRIGUEZ ELADIO	36021746	14947	2	150,00 €
QUIROS GARCIA ANA	36105320	21657	1+2+2	410,00 €
RAPOSO AGUIAR JOSE MARÍA	36042125	15579	1+2	260,00 €
RICOY MARTINEZ LUIS	36032010	16917	3	200,00 €
RIELO FRANCO Mª RITA	36067074	23774	2+3	350,00 €
RIVADULLA FERNANDEZ ROSA MARÍA	36060053	23478	3	200,00 €
RIVAS GONZALEZ EUGENIA	36043400	23685	3	200,00 €
ROCA DAFONTE JOSE M	32429643	15303	2+3	350,00 €
RODRIGUEZ BASTOS ENRIQUE	36062463	77220	1+2	260,00 €
RODRIGUEZ CALVO JOSE MARIA	33274040	23679	2+2	300,00 €
RODRIGUEZ CARAMES JOSE M	36045814	20669	2+2	300,00 €
RODRIGUEZ LOPEZ ADOLFO	36030284	76430	2	150,00 €
RODRIGUEZ LOPEZ JOSE	35992992	8846	2	150,00 €
RODRÍGUEZ MACIAS RAFAEL	36138294	79046	1	110,00 €
RODRIGUEZ PEREZ ANTONIO	36039137	15540	3+3	400,00 €
RODRIGUEZ VAZQUEZ MANUEL	36005692	13267	2	150,00 €
ROMERO COBAS JOSE LUÍS	36031425	14723	2	150,00 €
ROMERO GIL-DELGADO LORETO	36064307	78929	2+2	300,00 €
ROMERO IGLESIAS RAFAEL	52490251	20965	2	150,00 €
SANCECILIO VIEITEZ ROSA M	36053090	22094	2+2+3	500,00 €
SANDE VÁZQUEZ JOSÉ ANTONIO	36081856	22970	1+2	260,00 €
SANCHEZ VICENTE GERARDO	34727082	17555	2+2	300,00 €
SANTIAGO BOSCH JULITA	52497325	80570	2+2	300,00 €
SANZ ALONSO CARMEN MARIA	36063965	22125	2	150,00 €
SAYAR VILA JESUS	36000727	14640	3	200,00 €
SOLA QUIROGA JOSE C	36036109	15088	2+2	300,00 €
SOLVEIRA DE LA FUENTE FERNANDO	32632791	20913	2+2+3	500,00 €
SOTO FERNÁNDEZ M. CARMEN	36128761	23484	1+2	260,00 €
SOUSA ATRIO JOSE MANUEL	36045293	22790	2	150,00 €
SUAREZ FERNANDEZ JOSE M	36029106	20936	2	145,00 €
TABOADA GONZALEZ SILVIA	36116263	79158	1+2	260,00 €
TEIJEIRO GUERREIRO M REMEDIOS	36117307	22734	1+2	260,00 €
TORRES FERNÁNDEZ JOSÉ ANTONIO	36072916	79041	2+2	300,00 €
VAZQUEZ COSTAS CONSTANTINO	36037324	16455	3	200,00 €
VAZQUEZ DE FRANCISCO XOSE LOIS	36025591	17779	3	200,00 €
VAZQUEZ MARIN ANTONIO	36007059	14210	2	150,00 €
VAQUEZ MARTINEZ RAMON	36039141	16478	3	200,00 €

VÁZQUEZ PAZÓ MODESTO	36063855	77034	2	150,00 €
VAZQUEZ PEDRIDO GUMERSINDO	36051208	15680	2+2	300,00 €
VEIGA GARCIA RUBEN	35560806	79044	2	150,00 €
VICENTE RODRIGUEZ CAROLINA	36080915	22119	2+2+2	450,00 €
VIDAL CALVAR M MONSERRAT	36088692	23797	2+2	300,00 €
VIDAL RIOS MANUEL	32623399	15622	2+3	350,00 €
VILA ABALDE ELISEO SILVERIO	36018471	77224	2	150,00 €
VILA DA VILA JOSÉ CARLOS	36049990	22993	2+3	350,00 €
VILABOA PEREZ FERNANDO	36019660	16231	2+3	350,00 €
VILLAR COMESAÑA JOSÉ ANTONIO	36066904	21380	2+2	300,00 €
VILLAR GONZALEZ Mª BEGOÑA	36044028	23805	2+2	300,00 €
VILLAVERDE VELEIRO JOSÉ B.	36033203	14700	3	200,00 €
VILLAVERDE VILLAVERDE JOSE M	36117712	80494	1	110,00 €
VULCANO FERREIRA JORGE	36091312	10004	2+2	300,00 €
			TOTAL	48.565,00 €

(1) cónxuxe denegado según as bases

(2) pendente documentación

COSTA RIVEIRO JOSE MANUEL – cónxuxe denegado

FERNANDEZ-CID PAZ-CURBERA BARBARA – cónxuxe denegado

GONZALEZ RODRIGUEZ EMILIA – denegada contratada

OUJO GERUT VENTURA – denegado por non figurar o fillo na renda

VAZQUEZ PAZO RAMON – denegado por falta de documentación

GRUPO E				
NOME	DNI	Nº PER-SOAL.	CLAVE	EUROS
ARANGO FERNÁNDEZ JOSÉ M.	36085308	23277	2+2	340 €
BAYER FRANCISCO JOSÉ	36086971	78009	2+3	420 €
BEA PUENTES EDUARDO V	36143294	80675	1	130 €
BEN COUTO JOSE	36023633	15059	2	170 €
CAMESELLE SUAREZ ISAAC F	36025131	78145	2	170 €
CAMPOS RODRIGUEZ MANUEL	36024128	15065	1+1	260 €
ESCUDERO GONZALEZ FRANCISCO J	53179670	80475	3	250 €
EXPOSITO OLALLA LIDIA	36089121	80478	2	170 €
FANDIÑO DOCIO ENRIQUE	35300773	78889	2+2	340 €
FERNANDEZ ALONSO JOSE A	36037789	12055	2	170 €
FERNÁNDEZ DÍAZ LISARDO	36053193	78139	2	170 €
FERNANDEZ PAZ LINO	36101212	79621	2+2	340 €
FERNANDEZ PEREZ ROGELIO J	32421056	80497	3	250 €
FERRO MANCHO ANGEL	36072730	79185	2	170 €
GARCÍA DOCAMPO ANTERO	34951927	79368	2	170 €
GARCIA SOTO FRANCISCO JOSE	36029618	79367	2	170 €
GONZALEZ COSTAS Mª CONCEPCION	36062214	78704	2+2	340 €
HERMIDA SANMARTIN JUAN J	35999710	13534	2	170 €
JELUSICH DIZ MARIA JOSE	36031327	79499	2+2	340 €
LAGO DAVILA JESUS	36029301	17791	2	170 €
LAMAS GONZALEZ FATIMA	36095223	80564	2	170 €

LORENZO CARRERA GUILLERMO	36019910	79387	2	170 €
MARTINEZ BARREIRO JOSE M	36065902	80672	2+3	420 €
MARTINEZ FIGUEROA JOSE	35940226	11663	1	130 €
OGANDO LOPEZ JOSE M	76699569	13913	2	170 €
PAJÓN SANTOS ALFONSO	36129786	77988	1+2	300 €
PENA GARCIA SUSANA	36129838	80278	1	130 €
PEREZ DA SILVA EDUARDO A	36029686	17800	2	170 €
RODRIGUEZ BOENTE EDUARDO	53196731	80359	3	250 €
RODRIGUEZ LEIROS ALFONSO	35994666	15438	2+2+3	590 €
ROMAN BREIJO MANUEL	36089934	80567	2	170 €
ROMERO FALQUE XOSE LOIS	36029647	78928	1	130 €
ROMERO GIL-DELGADO PATRICIA	36048450	81278	2+3	420 €
SAMCHEZ DOMINGUEZ SEVERINO	34981981	78154	2	170 €
SANMARTÍN CERQUEIRA JOSÉ M.	36128192	76568	1+2	300 €
SOLER VIDAL RICARDO	36104951	79640	1+3	380 €
TERRE GONZALEZ IRIA	36166331	80168	1	130 €
VILLARES VILA Mª MODESTA	36084242	22540	2	170 €
			TOTAL	9.080 €

BASTOS VILLAR PURIFICACION – cónxuxe denegado
VAZQUEZ VILLAVERDE DIEGO –denegado contratado

A suma total das axudas escolares ascende á cantidade de 100.915 €.

CLAVES	GRU. A1	GRU. A2	GRU. C1	GRU. C2	GRUPO E
CLAVE 1	45€	55€	80€	110€	130€
CLAVE 2	55€	75€	105€	150€	170€
CLAVE 3	95€	110€	150€	200€	250€

CLAVE 1	GARDERIAS E PREESCOLAR
CLAVE 2	PRIMARIA , SECUNDARIA, FP., ETC.
CLAVE 3	UNIVERSIDADE E FP DE GRAO SUPERIOR

17(382).- ABONO COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE A D. CARLOS ROMÁN CASAS POLO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 24 DE NOVEMBRO E 31 DE DECEMBRO DE 2009. EXPTE. 19728/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11.03.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 2.03.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer e aboar ao funcionario D Miguel Miranda Pan, con nº de persoal 6899, a cantidade de 580.00€, en concepto de produtividade correspondentes ao periodo comprendido entre o 1 de xuño ao 31 de decembro de 2009 e o 1 de xaneiro ao 27 de febreiro de 2010, data da súa xubilación, segundo Resolución de Alcaldía de data 2 de novembro de 2005 e Acordo plenario de data 23 de decembro de 2005, con cargo a partida 121.0.1500000, polo desempeño das funcións de Presidente do Tribunal Económico administrativo.

18(383).- SOLICITUDE PERMANENCIA NO SERVIZO ACTIVO DO FUNCIONARIO D. BENJAMÍN SUÁREZ SÁNCHEZ. EXPTE. 19760/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 17.03.10, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Con data 15 de decembro de 2009, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o doc. núm. 90180855, presentado por D. Benjamín Suárez Sánchez, con DNI 35.944.672-L e núm. persoal 9998, técnico de administración xeral deste concello, de que se lle autorice a prolongación de permanencia no servizo activo a partir do día 10 de maio de 2010, data na que cumpre a idade regulamentaria para a xubilación forzosa.

Tra-la entrada en vigor o 13 de maio do 2007 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) a nova configuración legal efectuada no marco normativo básico establecido polo lexislador estatal provoca a necesidade de determinar criterios coherentes de aplicación da mesma en relación con aspectos tan fundamentais como é o da prolongación da permanencia no servizo activo dos funcionarios públicos.

O artigo 67.3 da nova norma establece que “a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. Non obstante, nos termos das leis de Función Pública que se dicten en desenvolvemento do presente Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo ata que se cumpran os setenta (70) anos de idade. A Administración Pública competente deberá de resolver de forma motivada a aceptación ou a denegación da prolongación.”

Tal precepto foi interpretado, para o ámbito da Administración Xeral do Estado e os seus organismos autónomos, mediante Resolución do 21 de xuño do 2007, da Secretaría Xeral para a Administración Pública, pola que se publican as Instrucións do 5 de xuño do 2007, para a aplicación do EBEP, entendendo a vixencia transitoria do artigo 33 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública -coas reformas que no seu día efectuaron no seu teor as Leis 13/1996, de 30 de decembro, e 66/1997, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social- o cal obviamente exceptiona da permanencia en activo e dende o 01/01/1998 ao personal da Policía Municipal e Extinción de Incendios, que deberá cesar ao cumprir os 65 anos de idade.

Recentemente, o Ministerio de Administracións Públicas (MAP), e coordinación coas a Secretarías de Estado de Cooperación Territorial, Xeral para a Administración Pública, e as Direccións Xerais da Función Pública e de Cooperación Local aprobaron os “CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL”,

consignando con total claridade que as Administración Locais, a través dos seus órganos competentes, están obrigadas a resolver motivadamente a aceptación ou denegación das solicitudes de prolongación no servizo activo.

A solicitude efectuada polo interesado, foi informada favorablemente pola Sra. concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda con data 11 de marzo actual, facendo constar que “Tendo en conta a experiencia acumulada polo funcionario, resultaría beneficiada esta Administración Municipal ao seguir contando co seu servizo.”

Por isto no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no art. 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en decreto de 5 de xullo de 2007, e co previsto no art. 127.1.h), de atribucións da Xunta de Goberno Local, propono a dito órgano a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Autorizar a prolongación no servizo activo de D. Benjamín Suárez Sánchez, con DNI 35.944.672-L, e nº de persoal 9998, técnico de administración xeral adscrito ao posto de xefe da área de inversións-Intervención Xeral, con efectos do día 10 de maio de 2010, data na que cumpre o interesado a idade de xubilación forzosa (65 anos) e como máximo ata que cumpra os setenta anos de idade.

Segundo.- O interesado poderá poñer fin á prolongación da permanencia no servizo activo que se autoriza en calquera momento, mediante comunicación ao órgano competente, con unha antelación mínima de tres meses.

Terceiro.-Contra o presente acordo poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición perante o órgano que o dictou no prazo dun mes, que se entenderá desestimado se transcorre outro sen contestarse. Neste caso poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ou perante o Xulgado do Contencioso nos supostos previstos no art. 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(384).- DAR CONTA RESOLUCIÓN DE ENCOMENDA DE FUNCÍONS EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO DE POLICÍAS LOCAIS. EXPTE. 34090/212.

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, de data 9.11.10, que di o seguinte:

1º.- Encomendase temporalmente as funcións en materia de violencia de xénero que correspondían ao Inspector D. José Manuel Vázquez Varela, ao Policía Local D. MIGUEL J. GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, aspirante que acadou a maior puntuación no proceso selectivo convocado a tal efecto.

2º.- A vixencia da encomenda vincúlase ao resultado do expediente disciplinario incoado ao funcionario primeiramente citado, sen prexuízo –no seu caso- do exercicio da potestade autoorganizatoria que corresponde á Xunta de Goberno Local a proposta do Concelleiro delegado por iniciativa do Xefe do Corpo.

3º.- Comuníquese a presente á Unidade de Recursos Humanos, a efectos do previsto na base 11ª das da convocatoria.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

20(385).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DE PERMISO RETRIBUÍDO Á FUNCIONARIA DONA CARMEN CHAPELA MENO. EXPTE. 19766/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnico de Xestión, do 12.03.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

Con data 8 de marzo de 2010, a través do Rexistro Xeral deste Concello (doc. 100033198), Dª Carmen Chapela Meno, administrativa de administración xeral, adscrita á Tesourería Municipal, solicita se lle conceda un permiso para atender o coidado de familiar de 1º grao, atendendo o previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, de 30 días naturais

O art. 76.1.k), do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave da ou do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, persoas acollidas ou familiares que convivan na mesma casa, e para atender ao seu coidado, o persoal ao servizo das administracións públicas terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso que, dentro da duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.

A interesada aporta informe médico do estado de saúde do familiar de 1º grao, no que se indica a necesidade de asistencia domiciliaria.

Por isto, a funcionaria que subscribe, vistos os anteriores antecedentes no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, propón o Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a Dª Carmen Chapela Meno, administrativa de administración xeral, con núm. de persoal 21806, adscrita á Tesourería Xeral, un permiso retribuído do 08 ao 15 de marzo de 2010, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, para atender ao coidado de familiar do 1º grao.”

O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, con data 12.03.10, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

21(386).- SOLICITUDE DE EXCEDENCIA POR COIDADADO DE FILLO DA FUNCIONARIA DONA BEATRIZ CARRASCO GONZÁLEZ. EXPTE. 19773/220.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 24.03.10, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. En escrito de data 23/03/2010 (documento nº 100039859) a funcionaria municipal Dª Beatriz Carrasco González, con nº de persoal 80569, auxiliar de admón. xeral adscrita á unidade administrativa da Alcaldía, encadrada no subgrupo C2 de titulación, solicita a declaración de excedencia por coidado dun fillo.

Faise constar que a interesada atópase disfrutando do permiso por lactancia (acumulación horaria) que remata o vindeiro día 26 de marzo, polo que deberá autorizarse o dito permiso con efectos a partir do día 27 seguinte.

2.- Segundo sinala o artigo 89 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (apartado 4), os funcionarios/as de carreira terán dereito a un período de excedencia de duración non superior a 3 anos, para atender ao coidado de cada fillo -tanto por natureza, adopción ou acollemento preadoptivo- a contar dende a data do nacemento ou, no seu caso, da resolución xudicial ou administrativa.

O tempo de permanencia nesta situación será computable a efectos de trienios, carreira e dereitos na Seguridade Social, reservándose o posto desempeñado alomenos durante 2 anos. Os funcionarios nesta situación terán dereito a participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

3.- Considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos do Acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de xullo do 2007, sométese ao criterio decisorio da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Declarar á funcionaria municipal D^a Beatriz Carrasco González, con nº de persoal 80569, auxiliar de admón. xeral adscrita á unidade administrativa da Alcaldía, encadrada no subgrupo C2 de titulación, en situación de excedencia para o coidado dun fillo, polo período de 3 anos, con efectos a partir do 27 de marzo de 2010, computando o dito período a efectos de trienios e Seguridade Social, nos termos do disposto na normativa vixente, con dereito a reserva do posto de traballo nos termos legalmente previstos.

SEGUNDO.- De conformidade co disposto no art. 14 do Real Decreto 365/1995, deberá solicitar o reingreso con anterioridade ao vencemento do prazo, sendo declarada na situación de excedencia voluntaria por interese particular, de non facelo.

TERCEIRO.- Dese traslado do presente acordo á Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización), Xefatura da Unidade administrativa de Alcaldía e á interesada.

Contra a presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(387).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MEMORIA PARA EXECUTAR AS OBRAS DE “MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO NO CAMIÑO RAPOSEIRA-SÁRDOMA” E ADXUDICACIÓN A AQUALIA. EXPTE. 232/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 22.03.10, conformado polo xefe e a concelleira-delegada da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobrar a memoria valorada presentada pola empresa Aqualia, con data 1 de marzo, para executa-las obras de “MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO NO CAMIÑO RAPOSEIRA-SÁRDOMA”, por un importe de 16.798,62 € (IVE EXCLUÍDO).

2º.- Adxudicar a execución de ditas obras á “Aqualia”, empresa consesionario do servizo municipal de abastecemento e saneamento, por un importe de 16.798,62 € (sen IVE) e con cargo ao saldo da “ Conta de Ingresos de Acometidas ás redes de abastecemento e saneamento municipais” que xestiona dita empresa como concesionaria do servizo, según informe do xefe do servizo de investimentos de data 18 de marzo.

23(388).- PREGOS DE CONDICIÓN S TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS BANCARIOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7119/540.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 26.02.10, o informe de fiscalización do 15.03.10, e de acordo co informe-proposta do tesoureiro municipal, do 22.03.10, conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar os pregos de condicións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e os seus anexos, elaborados para a contratación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos bancarios necesarios para a xestión ordinaria derivada da execución orzamentaria e extraorzamentaria do Concello de Vigo, así como a apertura e xestión dunha oficina institucional con sede no interior da Casa Consistorial do Concello de Vigo, por un período de de tres anos contados a partir da data da súa adxudicación, podendo prorrogarse por mutuo acordo expreso entre as partes por períodos sucesivos de carácter anual, cun máximo de tres prórrogas, facendo constar que se modifica a redacción da cláusula 8ª do Prego de cláusulas administrativas quedando redactada de forma idéntica ao disposto na cláusula 5ª do Prego de condicións técnicas.

2º.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente e nos pregos de condicións e de cláusulas administrativas particulares.

PREGO DE PRESCRIPCIÓN S TÉCNICAS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS BANCARIOS Ó CONCELLO DE VIGO

Cláusula 1ª. Obxecto.

O obxecto do contrato é a prestación, polas entidades de depósito, dos servizos bancarios para a xestión ordinaria derivada da execución orzamentaria e extraorzamentaria do Concello de Vigo, de acordo cos requisitos esixidos no presente prego, instrumentándose mediante a apertura e mantemento dunha ou varias contas correntes retribuídas polas entidades financeiras adxudicatarias, de entre as modalidades previstas no artigo 197 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para a execución dos cobros e os pagos que realice a tesourería municipal, así como mediante a apertura e xestión dunha oficina institucional con sede no interior da Casa Consistorial do Concello de Vigo na que se prestarán, tanto os referidos servizos bancarios, como os servizos bancarios e financeiros á totalidade do persoal que presta os seus servizos no Concello de Vigo.

Quedan excluídos do presente contrato:

- Os pagos cuxa realización a través doutras entidades veñan impostos pola entidade pública perceptora.*
- Os pagos correspondentes a gastos financiados con subvencións cuxa realización a través doutras entidades veñan impostos pola entidade pública concedente da subvención.*
- As contas correntes abertas nas entidades colaboradoras na recadación municipal para o ingreso do produto da recadación obtida.*
- As contas correntes utilizadas para instrumentar os ingresos e pagos correspondentes a operacións de endebedamento.*

- Calquera outras que poidan ser obxecto de determinación con posterioridade con arranxo á normativa aplicable, e que presten un servizo cuxo obxectivo principal non sexa instrumentar a xestión da Tesourería Municipal.

A formalización do presente contrato non implicará ningunha limitación ou restrición do Concello de Vigo para poder formalizar contratos específicos con outras entidades de crédito referentes a outras prestacións non incluídas neste prego.

A título meramente indicativo, ofrécese a información seguinte:

- O estado de situación de existencias na tesourería correspondente ao terceiro trimestre do ano 2009 pode consultarse na dirección:
http://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2009/trimestre_MEM12_04.pdf
- O estado de situación de existencias na tesourería correspondente ao ano 2008 pode consultarse na dirección:
http://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2008/MEM12_04_liq.pdf
- A evolución dos pagos e os cobros realizados polo Concello de Vigo ó longo do exercicio 2008 pode consultarse na dirección:
<http://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2008/PAGOSCOB2008.pdf>
- O estado de situación de existencias na tesourería correspondente ao ano 2007 pode consultarse na dirección:
http://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2007/ETES_ICAL2004Vig.pdf
- O estado de situación de existencias na tesourería correspondente ao ano 2006 pode consultarse na dirección:
http://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/ETES_ICAL2004Vig.pdf

Cláusula 2ª. Ámbito do contrato.

O obxecto do presente contrato inclúe inicialmente a prestación de servizos bancarios ao Excmo. Concello de Vigo, sen prexuízo do cal aquela poderá ser ampliada por decisión deste último cos mesmos servizos a favor dos Organismos Autónomos Locais dependentes do expresado Concello, aos que se prestarán nas mesmas condicións que ao propio Concello.

Cláusula 3ª. Número máximo de entidades adjudicatarias.

3.1. Prestación dos servizos bancarios.

Tendo en conta a natureza dos servizos que se contratan, bancario-financeiros e de colaboración en materia de recadación como Entidades Xestoras, en orde a obter unha maior racionalización, simplificación e economía de custos nos procesos de execución de tales servizos, e garantir unha adecuada conciliación e control dos fondos, o número de entidades de depósito adjudicatarias haberá de ser un máximo de cinco, que serán aquelas cinco que, tendo a condición de entidades colaboradoras na recadación municipal, obteñan a maior puntuación total como resultado da aplicación conxunta da totalidade dos criterios de adjudicación.

No suposto de que unha entidade das adxudicatarias véxase afectada por un proceso de fusión ou absorción con outra ou outras entidades que non foran adxudicatarias, o contrato continuará vixente coa entidade resultante da fusión ou absorción.

No suposto de que dúas ou mais entidades das adxudicatarias véxanse afectadas por un proceso de fusión ou absorción entre elas, o contrato continuará vixente coa entidade resultante da fusión ou absorción, e o órgano de contratación poderá, a proposta da tesourería municipal, seleccionar a unha nova entidade financeira para a prestación dos servizos bancarios ao Concello de Vigo, que será aquela que obtivera a maior puntuación de entre as entidades que non resultaran inicialmente adxudicatarias.

3.2. Apertura e xestión dunha oficina institucional.

A prestación referida á apertura e xestión dunha oficina institucional con sede no interior da Casa Consistorial do Concello de Vigo será adxudicada, por lóxicas razóns de espacio e características da prestación, a unha única entidade financeira, que será aquela que, sendo colaboradora na recadación, obteña a maior puntuación total como resultado da aplicación conxunta da totalidade dos criterios de adxudicación e teña manifestado expresamente o seu desexo de optar a esta adxudicación.

No suposto de que a entidade adxudicataria véxase afectada por un proceso de fusión ou absorción con outra ou outras entidades, sexan ou non éstas adxudicatarias, o contrato continuará vixente coa entidade resultante da fusión ou absorción.

Cláusula 4ª. Prazo de duración do contrato.

O prazo de duración do contrato será de tres anos contados a partir da data da súa adxudicación, podendo prorrogarse por mutuo acordo expreso entre as partes, alcanzado antes do vencimiento do termo expresado, ou do de calquera das prórrogas que eventualmente se acorden, por períodos sucesivos de carácter anual, cun máximo de tres prórrogas, sen que, polo tanto, a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder dun período máximo de 6 anos.

Cláusula 5ª. Capacidade para contratar.

Poderán participar no procedemento as entidades de crédito (bancos, caixas de aforro ou cooperativas de crédito) españolas ou estranxeiras, que, tendo a condición de entidades colaboradoras na recadación municipal, estean inscritas nos correspondentes rexistros de entidades do Banco de España, autorizadas para operar en España.

Entenderase que están capacitadas as persoas xurídicas, españolas ou estranxeiras, que reunindo os requisitos sinalados no parágrafo precedente, non estean incursas nalgunha das prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A presentación das ofertas presume, por parte do ofertante, a aceptación incondicional das cláusulas deste Prego e da declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas.

Cláusula 6ª. Tipo de contas correntes e réxime de funcionamento.

O Concello de Vigo abrirá nas entidades adxudicatarias deste contrato os seguintes tipos de contas correntes:

- a) *En todas as entidades adxudicatarias, unha conta operativa principal de ingresos e pagos.*
- b) *En todas as entidades adxudicatarias, unha conta restrinxida de recadación.*
- c) *Na entidade que resulte adxudicataria para a apertura e xestión dunha oficina institucional no interior do edificio do Concello de Vigo, unha conta restrinxida de pago de nóminas e unha conta restrinxida de caixa da corporación ás que se refire a cláusula 5.3.*
- d) *Así mesmo, se o estima conveniente, poderá aperturar Contas restrinxidas de pagos.*

Todas as contas do Concello de Vigo estarán exentas de calquera comisión ou gasto de ningunha natureza.

Os contratos de conta corrente a formalizar para a apertura destas contas conterán unha cláusula de exclusión da facultade de compensación e o respecto ao beneficio de inembargabilidade dos fondos públicos.

As entidades licitadoras designarán unha oficina a través da que centralizarán a operativa relativa á conta operativa e restrinxida de recadación, sen que poida cambiarse a oficina sen a previa autorización expresa do Concello de Vigo.

A tesourería e a intervención do Concello de Vigo poderán en calquera momento solicitar información sobre as contas ás que se refire o presente expediente, así como efectuar as comprobacións que estimen pertinentes.

6.1. Conta operativa.

Son aquelas aperturadas para situar os fondos da Tesourería municipal e cumprir as funcións encomendadas á mesma pola normativa vixente.

En devanditas contas non poderán existir descubertos, salvo os debidos a desfasamentos por valoración. Así mesmo ingresaranse as liquidacións de intereses de todas as contas que teña abertas o Concello de Vigo na entidade financeira.

As Contas operativas xirarán baixo a denominación “Concello de Vigo. Conta operativa principal”.

6.1.1. Ingresos na conta operativa.

Para os ingresos nestas contas, a data valor do abono en conta será a establecida na normativa do Banco de España que regula os ingresos en conta corrente.

Polos ingresos que se efectúen nesta conta non se aplicarán comisións ou gastos de ningunha natureza.

En todo caso e dentro da franxa horaria indicada neste prego, a data valor dos abonos será a seguinte:

- *Entregas en efectivo, o mesmo día da data.*
- *Entregas mediante cheques:*
 - *A cargo da propia entidade, incluído o Banco de España, o mesmo día da entrega.*
 - *A cargo doutras entidades, o segundo día hábil seguinte á entrega.*
- *Transferencias bancarias:*
 - *Procedentes da mesma entidade ou do Banco de España, o mesmo día da orde na oficina de orixe.*
 - *Procedentes doutras entidades, o segundo día hábil seguinte á súa orde na oficina de orixe.*

6.1.2. Pagos pola conta operativa.

As relacións de pagos cargaranse na conta operativa polo importe total da orde, sen acumular nin fraccionar as mesmas. Unha vez executadas as ordes correspondentes, deberá remitirse xustificante das mesmas á Tesorería.

A non execución dunha orde de pago por parte dunha entidade adxudicataria cun prexuízo económico para o perceptor, levará de xeito inmediato a compensación dineraria de tal erro, repercutindo o prexuízo na entidade financeira responsable da falta de pago.

As entidades adxudicatarias deberán dispor dun sistema de validación que confirme que os ficheiros transmitidos polo Concello de Vigo para a realización das relacións de pagos, coincidan coa relación asinada en soporte físico papel.

En todos os pagos que se realicen contra as contas operativas, a data valor será a mesma ou posterior á data da operación, pero nunca anterior.

Con independencia da modalidade de pago establecida ou a establecer, que habitualmente será a transferencia bancaria, as entidades de crédito seleccionadas, non aplicarán comisión ou cargo algún polas operacións e servizos seguintes:

- Negociación e compensación de cheques.
- Transferencias dentro e fóra da entidade.
- Transferencias ou cheque Banco de España.
- Xestión dos servizos propios das contas.
- Administración e mantemento das contas. Movementos das contas (número de operacións).
- En xeral, os movementos de fondos da conta.

En ningún caso poderá a entidade adxudicataria trasladar custo algún en forma de retención, comisión, valoración ou calquera outra, nin ao Concello de Vigo nin ás persoas ou entidades receptoras dos fondos.

6.2. Conta restrinxida de recadación.

É a conta restrinxida para o ingreso dos tributos, prezos públicos e outros ingresos municipais que deba percibir o Concello de Vigo.

As entidades ingresarán de forma automática na conta operativa o importe recadado durante cada quincena dentro dos sete días hábiles seguintes ao fin de cada unha. Cada quincena comprenderá desde o fin da anterior ata o día 5 ó 20 seguinte ou ata o inmediato hábil posterior, se o 5 ó 20 son inhábiles. A tales efectos, serán considerados días inhábiles os sábados. Calquera que sexa o número de días inhábiles, o ingreso na conta operativa deberá producirse no mesmo mes en que finaliza a quincena correspondente.

Esta conta non terá retribución polo seu saldo, nin devengará ou soportará comisións ou gastos de ningunha natureza.

Así mesmo esta conta só permitirá, movementos de abonos polo importe dos cobros realizados cada día ou rectificación de erros; e movementos de cargos, polo traspaso quincenal da recadación á conta operativa, ou pola rectificación de erros.

A entidade adxudicataria remitirá a información relativa aos ingresos efectuados conforme ao establecido no caderno 60 do CSB/AEB, e no Regulamento Xeral de Recadación, debendo contemplar as tres modalidades (1, 2 e 3) recollidas nas normas do CSB. Así mesmo remitirá diariamente toda a información relativa aos cobros

efectuados cada día, co devandito formato e mediante o sistema de comunicación proposto polos servizos municipais de recadación.

6.3. Conta restrinxida de pagos.

Son aquelas contas abertas coa finalidade de facilitar o proceso de pagos. En devanditas contas non poderán existir baixo ningún concepto descubertos, sendo responsabilidade da entidade de crédito os quebrantos por posibles pagos que puidesen realizarse sen existencia de fondos suficientes.

As contas correntes ás que se refire este apartado só poderán admitir ingresos das contas operativas da Tesourería Municipal. Excepcionalmente poderán admitirse ingresos derivados da imposibilidade de cumprimento de transferencias ordenadas.

As liquidacións de intereses das citadas contas abonaranse na conta corrente operativa que manteña aberta o Concello de Vigo na entidade de crédito de que se trate.

A apertura, modificación e cancelación destas contas requirirá previo informe da Tesourería Municipal.

Tipos de contas correntes restrinxidas de pagos:

